



Concello de Lourenzá

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 21 de abril de 2022, o Pleno do Concello Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT) do Concello de Lourenzá, de acordo cos antecedentes que obran no expediente e que figuran recollidos nos anexos que se achegan coa proposta.

SEGUNDO.-Someter o expediente do Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT) do Concello de Lourenzá a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións.

O prazo de vinte días iniciarase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP. Se durante o prazo establecido non se presentasen alegación, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado, no caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderán examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións na Secretaría do Concello.

Lourenzá, 21 de abril do 2022.

A Alcaldesa,

Asdo.: Rocío López García.

Documento asinado electronicamente en data ó marxe.



Cod. Validación: WZHFGSJAAGWJJDHC92GENZZSG | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1